



CONSORCIO DE
SANTIAGO

Newsletter

Abril 2021



PATRIMONIO |

Rematan as obras de reparación das cubertas das capelas da igrexa de San Martiño Pinarío

O Consorcio de Santiago rematou as obras de reparación das cubertas da igrexa de San Martiño Pinarío, por un importe de 114.950 €. O obxecto principal desta actuación era evitar a entrada da auga da choiva cara ao interior dos muros das capelas da Nosa Señora do Socorro, Santa Catalina e Santa Escolástica. Interveuse nas súas cubertas, ao tempo que se realizou unha limpeza e rexuntado das súas fachadas e das fachadas da nave central da igrexa que son accesibles desde estas cubertas, xunto a outras obras menores.

“6º Encontro Internacional” on line do proxecto europeo AtlaS-WH

O Consorcio de Santiago participa no proxecto europeo “AtlaS-WH”, centrado na xeración de plans de xestión sostible das Cidades Patrimonio Mundial incluídas na Área Atlántica. Esta iniciativa, liderada pola cidade portuguesa de Porto, conta tamén como socios coas cidades de Santiago, Burdeos, Edimburgo e Florencia. No marco deste proxecto, vén de celebrarse o “6º Encontro Internacional” on line, no que se avanzou na busca de melloras de xestión e estratexias que permitan lograr cidades históricas vivas e sustentables desde o punto de vista económico, social e medioambiental.



BORDEAUX



EDINBURGH



FLORENCE



PORTO



SANTIAGO DE COMPOSTELA

MÚSICA |

Máis música en maio

A Real Filharmonía de Galicia vai ofrecer catro concertos en maio. O primeiro será o día 7 no Círculo das Artes de Lugo, onde o director asociado da orquestra, Maximino Zumalave, dirixirá un programa con obras de Ravel e Fauré. Baixo o título “Outras estacións”, o 19 en Vigo e o 20 en Santiago, o mestre Jaume Santonja porase á fronte da RFG, que contará ademais coa colaboración da pianista Sofya Melikyan. A temporada pecharase o día 27 con “Natureza, vida e amor”, xunto a Paul Daniel e o trompetista Pacho Flores; será a estrea mundial da obra composta por C. Lindberg “Cabalos máxicos para trompeta e orquestra”, un encargo en coprodución coas orquestras Bilken Symphony Orchestra (Turquía) e Swedish Chamber Orchestra (Suecia).

Os concertos da Real Filharmonía no Auditorio de Galicia volven ao seu horario habitual, as 20:30 horas, debido á ampliación do toque de queda.



A pianista Sofya Melikyan tocará coa RFG



Curso Avanzado de Especialización Orquestral

Está aberto o prazo de inscrición para o Curso Avanzado de Especialización Orquestral (CAEO) 2021-2022 da Escola de Altos Estudos Musicais, recoñecido como título propio de posgrao pola Universidade de Santiago. As solicitudes deberán presentarse ata o 21 de maio a través da páxina web da Escola -www.eaem.es-.

Este curso ofrece aos futuros músicos a oportunidade de formarse coa Real Filharmonía de Galicia. Hai 18 prazas: 6 para violín, 2 para viola, 2 para violoncello e 1 para as especialidades de contrabaixo, óboe, frauta, clarinete, fagot, trompa, trompeta e percusión.